



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DIA 24 DE XULLO DE 2009.**

<p><u>Sres. Asistentes.</u></p>	
<p><u>Sr. Alcalde:</u> Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo.</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> Dn. Francisco García Prego. Dna M<sup>a</sup> Victoria Montenegro Paz Dna Ana M<sup>a</sup> Fernandez Coira Dn. José Salvador Ferreiro Montenegro. D. Manuel Rodríguez Doval. Dna Belén Abeal Pérez Dn. José Manuel Cendán Fernández. Dn. Francisco José Echevarría Lage. Dn. Fernando Otero Prieto. Dna Josefina Martínez Martínez D<sup>a</sup> Luis Cendán Fernández.</p> <p><u>Non Asiste con excusa o Sr. Alcalde:</u> Dna. Mercedes Grande Regueiro.</p> <p><u>Sr. Secretario:</u> D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e coarenta minutos do día vinte e catro de xullo de dous mil nove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

**Punto Unico.- OPERACIÓN DE ENDEBEDAMENTO R.D.L. 5/2009 DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS E URXENTES PARA FACILITAR AS ENTIDADES LOCALIS O SANEAMENTO DE DÉBEDAS PENDENTES DE PAGO CON EMPRESAS E AUTONOMOS.**

Vista a publicación no Boletín oficial do Estado núm. 101 de data 25 de abril de 2009, do Real Decreto-Lei 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes para facilitar as Entidades Locais o saneamento de debidas pendentes de pago con empresas e autónomos.



Visto que, de conformidade co establecido no artigo 1 do Real Decreto Lei 5/2009, de 24 de abril, esta Entidade ten obrigas vencidas e esixibles pendentes de aplicar ó presuposto de 2008 e polo tanto ten a posibilidade de financiar seu importe con endebedamento bancario.

Visto o plan de saneamento redactado polo Servicio de Asistencia Económica a Municipios da Excm. Deputación Provincial de data 22-07-2009, de conformidade co establecido no artigo 3.1 do Real Decreto-Lei 5/2009, de 24 de abril.

Visto o informe de Secretaría, emitido en data 07-07-2009, sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para concertar a operación.

Visto o informe de Secretaria, emitido en data 07-07-2009, sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para concertar a operación.

Visto o informe de Intervención, de data 21-07-09, sobre o cumprimento dos requisitos esixidos polo Real Decreto-Lei 5/2009, de 24 de abril, e a viabilidade razonada do Plan de saneamento, emitido en sentido favorable.

De conformidade co disposto no Real Decreto-Lei 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes para facilitar as Entidades Locais o saneamento das debedas pendentes de pago con empresas e autónomos, o Pleno do Concello de Ares, adopta por maioría de 7 votos a favor de PSdeG-PSOE (5) e B.N.G (2) e 5 votos en contra de P.P. (4) e NAL (1) o seguinte

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Adxdicar a concertación da operación de endebedamento tramitada conforme o Real Decreto-Lei 5/2009, de 24 de abril, para financiar o importe de 325.642,12 euros correspondentes ó importe das obrigas vencidas e esixibles que quedaron pendentes de aplicar o presuposto, á entidade BBVA, nas seguintes condicións:



- Tipo de xuro: variable.
- Comisións:
- De apertura: ningunha.
- Prazo: 6 anos (4 anos + 2 de carencia).
- Disposición: plena á sintatura da póliza.
- Tipo de referencia: Eur 90 + 1,45, sen redondeo.
- Cuotas constantes de amortización e xuros.

**SEGUNDO.-** Aprobar o plan de saneamento nos términos que constar en documento anexo e que se considera parte integrante do presente Acordo.

**TERCEIRO.-** Notificar á entidade BBVA, que resultou adxudicataria da operación, o presente acordó.

**CUARTO.-** Comunicar, no prazo máximo dun mes desde a concertación da operación, o Ministerio de Economía e Facenda, as características financeiras concertadas acompañadas dun resume do plan de saneamento.